



**RESOLUCIÓN REITORAL DO 6 DE XULLO DE 2017 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓNS E AS CONTÍAS QUE PERCIBIRÁ O PERSOAL ALLEO E PROPIO QUE FORME PARTE DAS COMISIÓNS CIENTÍFICA/S AVALIADORA/S PARA A SELECCIÓN DE INVESTIGADORES CONTRATADOS TEMPORALMENTE CON CARGO AO CAPÍTULO VI, DO ORZAMENTO DA UDC E FINANCIADOS AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE INDITEX, S.A E A UDC PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DO PROGRAMA INTALENT**

O 17 de outubro de 2016, Inditex SA e a UDC formalizaron un convenio de colaboración para a creación e implantación do Programa InTalent. A cláusula sexta deste convenio prevé que, para seleccionar os investigadores que se contraten con cargo ao convenio, se creará unha comisión científica avaliadora composta polo vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, ou persoa en que delegue, que exercerá como presidente da comisión, o adxunto a Investigación, o adxunto a Transferencia e tres académicos de recoñecido prestixio da UDC e/ou doutras institucións científicas. Así mesmo, un técnico da coordinación do Programa poderá estar presente na comisión, con voz pero sen voto, co obxecto de asistir os membros da comisión na selección dos candidatos.

A comisión científica avaliadora fixará e publicará –con carácter previo– os criterios de valoración, acometerá a avaliación técnica das solicitudes presentadas, a selección de candidatos e o seguimento da evolución da actividade investigadora das persoas seleccionados. O traballo desta comisión consiste nun proceso de avaliación e de selección do persoal que contratará a UDC e que suporá a revisión dun número elevado de currículos e proxectos de ciencia excelente.

Os académicos alleos, de recoñecido prestixio, nomeados para formar parte da comisión científica avaliadora, revisarán o currículo e a idea de proxecto presentado por cada solicitantes e presentaranlle ao resto dos membros da comisión os resultados do traballo de revisión para tomaren a decisión os membros da comisión científica avaliadora.

Esta Resolución ten por obxecto fixar as contías e condicións das indemnizacións, dos académicos alleos polo traballo de revisar o currículo e a idea de proxecto presentado polas persoas solicitantes das convocatorias financiadas polo convenio InTalent e pola asistencia á/s sesión/s da comisión científica avaliadora. Asemade, establécense os importes que percibirá o resto das persoas asistentes a esta comisión.

En vista do que antecede e co fin de posibilitar o desenvolvemento do convenio InTalent e acadar os obxectivos propostos con este programa, de conformidade co que dispón o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña,

**RESOLVO:**

1. Que o importe que percibirá cada académico alleo que forme parte da comisión científica avaliadora prevista no convenio InTalent, polos traballos de revisar a documentación que acompañe a cada solicitude (currículo e idea de proxecto presentada), ascenderá a 1000 euros. Nesta contía inclúense os traballos de revisión previos e a asistencia á/s sesión/s que corresponda/n a cada proceso selectivo de InTalent. A esta contía aplicaráselle a retención que corresponda en concepto de IRPF. Enténdese por proceso selectivo cada convocatoria



para contratar persoal laboral temporal con cargo ao capítulo VI, que remate coa correspondente resolución da comisión avaliadora.

2. Que a contía establecida no apartado 1 é compatible coa percepción dos importes que lles correspondan aos avaliadores externos en concepto de indemnizacións por razón de servizo, por asistir ás sesións presenciais que realice a comisión científica avaliadora. O importe destas indemnizacións adecuarase aos importes e ás condicións que estableza a normativa reguladora nesta materia na UDC e a normativa xeral de aplicación (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, DOG do 25/6/2001 e RD 462/2002, do 24 de maio, BOE 30/5/2002).

3. Que os académicos alleos que formen parte da comisión científica avaliadora de cada convocatoria selectiva de InTalent serán nomeados previamente polo reitor entre investigadores de universidades públicas, institutos e centros de investigación públicos.

4. Que os académicos alleos que formen parte da comisión deberán informar do seu nomeamento nas entidades en que desenvolvan o seu traballo e, de ser o caso, tramitarán pola súa conta as autorizacións necesarias para realizar os traballos para os que foron nomeados, de acordo coas condicións e os importes recollidos nesta resolución e no convenio InTalent .

5. Que o resto dos integrantes da comisión científica avaliadora, detallados no convenio, non serán indemnizados polos traballos realizados no marco desta comisión. Tampouco xerarán dereito a recibir indemnizacións por razón de servizo, salvo que deban realizar desprazamentos indemnizables nas condicións establecidas na normativa en materia de comisión de servizo.

6. Que os expedientes de gasto derivados desta RR se imputarán á orgánica do convenio InTalent: 050501, á funcional 541A e á económica que corresponda en función da natureza do gasto.

7. Que se deberá incorporar, aos expedientes de gasto que se tramiten, a certificación emitida pola persoa que actúe como secretario/a da comisión científica avaliadora, coa conformidade do/a presidente/a da comisión. Esta certificación acreditará a realización dos traballos e a procedencia dos pagamentos polos importes que correspondan a cada persoa.

8. Que o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia dará conta desta resolución na próxima reunión da comisión de seguimento prevista na cláusula cuarta do convenio InTalent.

Esta Resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC.

A presente resolución entrará en vigor o día da publicación no TEO da UDC.

A Coruña, 6 de xullo de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso